

a ledicia de ler

Un vocabulario para nenos



Co nome de **Choca**, palabra que designa á campaña que levan as vacas atada no pescozo nalgúns lugares de Galicia, a editorial Galaxia acaba de sacar, en colaboración co Instituto da Lingua Galega, da universidade de Santiago, un vocabulario elemen-

tal, especialmente concebido para ser utilizado por estudantes de primeiro ensino (1). Esta **Choca** galega, realizada por Xosé Xove, ten a súa orixe nun vocabulario catalán apelidado **Borrumba**, pero posúe a súa propia orixinalidade. Digamos que conserva os dibuxos e a estrutura do modelo, pero é moito máis que un simple copia ou tradución.

Este novo vocabulario elemental está dividido en tres partes: unha primeira de tipo gráfico, que comprende 180 páxinas; unha segunda, moitísimo máis breve, que agrupa as palabras gramaticais, clasificados con criterios nocionais; e unha terceira e última, onde se ordenan alfabéticamente, con remisión á páxina correspondente, todas as palabras que aparecen nas dúas primeiras

partes, ademais de outras 600 que figuran só na ordenación final. Non se trata, polo tanto, como se pode apreciar, dun vocabulario convencional, senón dunha obra minuciosamente estruturada e elaborada, feita con criterios matemáticos e estadísticos.

O núcleo gráfico do vocabulario está dividido en catorce apartados, que tratan sucesivamente das persoas, a casa, a comida, o vestido, os enredos, os animais, a escola, a cidade, as tendas, o xardín, o campo e as terras, os contos, os vehículos e os oficios. En cada un deles aparecen unha serie de dibuxos en cor que pretenden axudar a que o neno se faga co aprendizaxe da palabra dunha maneira agradable e ao mesmo tempo xusta, procurando sempre a seguridade no uso da

significación de cada vocábulo. O emprego moderado de sinónimos, que figuran separados por punto e coma, pretenden ampliar a capacidade expresiva dos rapaces.

Por outra parte, o traballo de Xosé Xove, que ben podemos calificar de seguro e intelixente, fuxiu de criterios simplificadoros ou falsamente puristas. Con moi bon tino recolleu variantes fonéticas dun mesmo étimo (xeonllo, xeollo e xollo), inevitables ao non existir unha preferencia por ningunha delas na escritura e ao reflexar todas elas distintas variantes dialectais. E evitou, con convicentes razóns, a substitución artificial dos préstamos do castelán que non son facilmente desprazables, mantendo non obstante neste aspecto un coidado escrupuloso, e tratando de ofrecer, ao lado

de aquelas palabras, solucións galegas alternativas.

A feliz conxunción entre a estrutura básica do vocabulario catalán e a súa eficaz adaptación á realidade galega deron como resultado unha obra excelente, imprescindible como instrumento de traballo nun bon ensino do galego nas escolas. Coas súas 4.000 palabras, éste e, hoxe por hoxe, o máis amplo dos nosos vocabularios elementais, que ven completar dun xeito moi oportuno ao tamén excelente anteriormente preparado, xa por un equipo do mesmo Instituto da Lingua Galega.

Carlos Casares

(1) Xosé Xove (Instituto da Lingua Galega): **Choca**, vocabulario elemental galego. Galaxia, Vigo, 1981

carta cultural

Cine-club

Vigo. Proxección de «Des enfants gates», de Bertrand Tavernier. Organiza o cine-club Vigo. Cine Avenida, día 22 ás 10,30.

Lugo. Proxección de «Día de fiesta», de Jacques Tati. Organiza o club cultural Valle Inclán. Día 28 ás oito da tarde.

Santiago. Proxección de «El compromiso», de Elia Kazan. Aula de Cultural, día 23 ás 7 da tarde.

Vilagarcía. Proxección de «La mujer que llora», de Jacques Doillon. Organiza o cine-club Adegas. Auditorio da Caixa, día 23 ás 8 e 10,30.

Ourense. Campaña Provincial de Cine para xóvenés e nenos. Proxección de «La aventura del Poseidón», de Ronald Neame (Ribadavia, día 22 ás 8 en Abrente), (Parada de Amoeiro, día 23 ás 8,45 na sala A Xesteira), (Allariz, día 26 ás 8,30 no centro de FP). Proxección de «Ya soy mujer», de Manolo Summers (O Barco, día 22 ás 8, no Casino), (A Veiga, día 26 ás 9, no Axuntamento). Proxección de «Botas duras, medias de seda», de Don Tailor (Ourense, día 28 ás 8,30 na Universidade Laboral). Proxección de «Los ángeles del pecado», de Robert Bresson (Ourense, día 27 ás 8, na Casa da Cultura). Proxección de «Los invasores del espacio», (Ribadavia, día 24 ás 6,30 en Abrente). Proxección de «Bongo» (Parada de Amoeiro, día 24 ás 7 no local de A Xesteira), (Ourense, día 26 na Casa da Cultura). Proxección de «Moby Dick», de Huston (Verín, día 23, na sala Stugarl). Proxección de «Un ejecutivo muy mono» (Allariz, día 23 ás tres da tarde no centro de EXB), (O Barco, día 25 ás doce do mediodía).

Ourense. Proxección de «La confesión», de Costa Gavras. Organiza o cine-club Padre Feixóo. Casa da Cultura, día 23 ás 10,45.

Teatro

A Coruña. O grupo Caritel porá en escea «Samuel e Abraham», de Victor Haim. Sala Luis Seoane, días 24 e 25.

O grupo Tespis ofrecerá «Na alta mar», de Slawomir Mroczek. Sala Luis Seoane, días 28 ó 2 de maio.

Ribadeo. O grupo de teatro

Antroido presentará o espectáculo «Touporroutou da lua e do sol», de Roberto Vidal Bolaño. Colexio Nacional Mixto, día 23 ás catro da tarde.

Santiago. O grupo Antroido representará «Touporroutou da lua e do sol», de Vidal Bolaño. Salón do Colexio La Salle, día 26 ás 8,45.

Ourense. O grupo Karra representará a obra «Pase sin llamar». Casa da Cultura, día 22 ás 8,30 da tarde.

O grupo Antroido porá en escea «Touporroutou da lua e do sol», de R. Vidal Bolaño. Salón do Liceo, día 28 ás 8 da tarde.

Lugo. O grupo Tespis abrirá o certame de Teatro Galego coa representación de «Na alta mar». Día 23 ás oito da tarde.

Música

Ourense. Alberto Conde e Suso Quiroga darán concertos de jazz os días 24 e 25, a partir das oito e media. Casa da Cultura.

O grupo de jazz Almendra dará un recital os días 26, 28 e 29 en sesións de 8,30 da tarde. Casa da Cultura.

Ribeira. Concertos de guitarra, acordeón e órgano, dentro das Xornadas de divulgación musical, con Enrique e Marité Paisal. O día 25, na Sociedade Hijos de Palmeira.

Santiago. O grupo Milladoiro presentará o seu novo repertorio de cancións, as mesmas que ofrecerá no seu novo disco.

Colexio La Salle, día 22 ás 10,30 da noite.

Vigo. Actuación de Milla doiro, o día 23, ás 10,30 da noite, no Teatro García Barbón.

Ferrol. Actuación do cantante chileno León Canales, o día 26 ás 8,30 da tarde, na Sociedade Canido.


Actos

Santiago. Xornadas Culturais, que organiza o colectivo Brincadeira. O día 22, mesa redonda con Berta Tapia, Dorothe Schuber, Francisco Rodríguez, José V. Ferreiros e Anxo M. Sanmartín. Aula de Cultura, ás oito.

Vigo. Ciclo de conferencias sobre «Implicacións económicas e financeiras do ingreso de España na CEE». M. C. Struxiano falará o día 22 da política industrial, e o 23 das pequenas empresas, tema sobor do que incidirá Manuel Castro Coton. O profesor Herbe Jouanjan falará o día 26 da «armonización fiscal en la comunidad económica europea», e o 29 sobre os fondos financeiros. Salón do Colexio Universitario, ás sete.

Ourense. Xornadas Agrarias Provinciais, que organiza o Colexio de Inxenieros técnicos e peritos agrícolas. Falarán o día 22 José Fernández Paz, Alfonso Ruano, Manuel A. Rodríguez Teijeiro, José Luis Argüello e José Vicente G. Ruiz. O día 23 intervirán Francisco Jover Mira, Gerardo Luis García e Gerardo Fernández Albor.

HOMENAJE A ALFREDO BRAÑAS



CARRALLO DO 19 O 25 DE ABRIL
ORGANIZA O C.C.V.L.ZVRAI. «A.BRAÑAS»

Cartel anunciador del homenaje que estos días le ofrece Carballo a Alfredo Brañas

Carballo. Homenaxe a Alfredo Brañas, que organiza o centro cultural do mesmo nome. Xosé Manuel Beiras pronunciará o día 22 unha conferencia sobor de «Alfredo Brañas e o intre da autonomía galega», na Casa da Xuventude. O día 23 intervirá a Coral de Bergantiños no Cine Cervantes. O día 24, ofrenda floral na casa natal de Brañas, e unha hora despois, ás seis, actuará o coro infantil de gaiteros na plaza do axuntamento, para de seguido partir hacia Santiago onde no Panteón de Santo Domingo terá lugar unha misa. O día 25, acto académico no salón do axuntamento, e deseguido bailes a cargo do grupo Xacarandaina, e inauguración da escultura de Bucifios.

Conferencias

Ourense. Celso Montero falará sobre «Centroamérica como problema», na sede do PSOE. Día 23, ás 8 da tarde.

Pontevedra. Estanislao Fernández pronunciará unha conferencia encol da «Juventud, medio ambiente y natura-

leza». Instituto Politécnico, día 22 ás 6 da tarde.

Ferrol. Pedro Echevarría Bravo falará encol da «Ruta Jacobea». Día 26 ás 8 da tarde, no Club de Campo.

Ribeira. Manuel Lucas Alvarez pronunciará unha conferencia na parroquia de Palmeira, sobre «La historia de Galicia contada por los gallegos». Na Sociedade Hijos de Palmeira, día 24 ás nove.

Exposicións

Santiago. O pintor ourensán Prego abre o 23 unha exposición de óleos e dibuxos na galería Citania. Falará na inauguración o escritor Carlos Casares.

—Sigue aberta unha mostra do traxe compostelán dos séculos XVIII ó XIX. Aula de Cultura.

—Ramón Irago ten unha exposición da súa obra na sala do Círculo Mercantil.

Vigo. Colectiva de Anxel Huete, Menchu Lamas, Alonso Monroy e Antón Patiño. O día 23 dará un recital no salón da Casa da Cultura o poeta Alfonso Pexegueiro.



Seoane e Román, dous membros de Milladoiro, que hoxe e mañán actuarán en Santiago e Vigo respectivamente